

## ACTA N° 18/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE ABRIL DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### **CONCELLEIROS:**

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino  
D. Arturo González Pérez.  
D<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso  
D. Daniel Rodas Chapela

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 13 de abril de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 17/09, do 06/04/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE APERTURA**

**EXPEDIENTE N° 22/04, D. FERNANDO SANTOMÉ CORRALES** solicita licenza de apertura para taller de reparación de vehículos localizado na Porta do Sol - Meira.

Dáse conta do informe emitido polo aparellador municipal do 16 de decembro de 2008, que literalmente di:

**ASUNTO:** LICENZA DE ACTIVIDADE CLASIFICADA PARA APERTURA DE INSTALACIÓN PARA TALLER DE REPARACIÓN RÁPIDA DE VEHÍCULOS.

**INFORME:** **Procede licenza de actividade clasificada para apertura.**

Procédese á formación e tramitación en pezas separadas para cada intervención administrativa os expedientes que se esixen de licenza urbanística e de apertura. Licenza urbanística de obras, expediente 71/04.

Sométese a licenza de actividade clasificada para a apertura o denominado TALLER DE REPARACIÓN RÁPIDA DE VEHÍCULOS.

O expediente conta con informe favorable de sanidade, informe favorable da inspeccións acústica e certificado final de obra do facultativo intervinente na mesma.

Atendendo o disposto no Artigo 196.2, parágrafo último da Lei 9/2002, reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), o técnico que informa, unha vez recibida a resolución co nº de rexistro de saída 3077 de 22 de febreiro do 2008 do Delegado Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, estima que co cumprimento dos requisitos establecidos na resolución referenciada será procedente outorgar a licenza de actividade.

De xeito unitario notificarase ao interesado que para a obtención da licenza da actividade clasificada como molesta S.C.D., **a instalación deberá cumprir coas determinacións do proxecto; así mesmo se insta a traballar con portas e fiestras pechadas e ventilación forzada. Xestionará todos os residuos serrados na actividade, tanto perigosos como non perigosos, a través de xestor autorizado. Na visita de comprobación previa á obtención da licenza de actividade, deberá estar en posesión de estudo de ruidos e amortización positiva, realizado por empresa homologada.**

Atendendo ao disposto no Artigo 34 do RAMINP (Decreto 2414/1961), en tanto a Inspección municipal non se leve a cabo a visita de comprobación sen incidencias, non procederá autorizar a apertura da instalación.

Visto que en sesión da Xunta de Goberno Local de 6 de marzo de 2006 concedeuse licenza urbanística para acondicionamento de local destinado a taller de reparación de vehículos,

Vista a solicitude do interesado na que manifesfa ter finalizado as obras necesarias destinadas a “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL DESTINADO A TALLER DE REPARACIÓN DE VEHÍCULOS”, solicitude á que acompaña certificado de execución emitido pola Dirección de Obra,

Vista a acta de comprobación de actividade clasificada efectuada o 13 de abril de 2009 para verificar o cumprimento dos condicionantes impostos na licenza respecto á comprobación da eficacia e seguridade das medidas correctoras esixidas, e no que se indica que as obras se axustan ás determinacións do expediente,

### Liquidación provisoria de tributos

Taxa licenza apertura.....	1.205 €
Taxa da Deputación por inserción de anuncio BOP solicitude de licenza.....	27,41 €

A Xunta de Goberno Local, unha vez recibidos os preceptivos informes e á vista dos informes do secretario e técnicos municipais, e tralo pagamento das taxas correspondentes, por unanimidade das persoas asistentes acorda aprobar o outorgamento da licenza de apertura do expediente 22/04 condicionada ao cumprimento dos requisitos reflectidos no informe emitido polo técnico municipal, nos seu propios termos e tralo pagamento das taxas correspondentes.

### 3.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN DE BEIRARRÚAS.

D. MANUEL COSTA VEIGA, con domicilio na rúa Ramón Cabanillas, nº 50 do barrio da Seara, cede gratuítamente e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 30,3866 m2 de terreo, con motivo dos traballos de ampliación e construción de beirarrúas da estrada As Barxas-Verducedo (tramo comprendido entre a rúa Curros Enríquez ata Rosalía de Castro) e piden que o Concello se comprometa a construírle o peche da fachada da rúa As Barxas-Verducedo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda Pimeiro: Aceptar a cesión de 30,3866 m2 da parcela propiedade de D. Manuel Costa Veiga e recoñecerlles que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

Segundo: Comprometerse a construírle o peche da fachada da rúa As Barxas-Verducedo.

### 4.- PROPOSTAS DE GASTOS

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vistas as propostas de gasto que se detallan a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
ALCALDÍA	Aperitivo concerto de corais - Clube de xubilados de Domaio	O BODEGÓN - Virginia Eidón Rosendo	1110 22601 RC 597	481,50 €
SERVIZOS SOCIAIS	Arranxo rótulo Ludoteca	BOCA A BOCA DISEÑO Y COMUNICACIÓN, S.L.	3130 21200 RC 596	104,40 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as propostas de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

#### **5- PROPOSTA DE GASTO PARA ENSANCHE DE MUROS E AFIRMADO NO CAMIÑO MUNICIPAL DO ROSAL AS ABILLEIRAS.**

Dada a necesidade de ensanchar muros e afirmar o ensanche con motivo de cesións voluntarias de terreos á vía pública,

Visto o orzamento nº 02/09 de Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S,L. que detalla polo miúdo o custe desta actuación e valora en 24.814,75 euros, ao que cómpre sumarlle o 13% de gastos xerais, o 6% de beneficio industrial, o 16% de IVE, do que resulta un orzamento total de 34.254,30 euros.

Visto o informe do interventor de 13 de abril de 2009 no que, entre outros aspectos, indica que debe incorporarse ao expediente informe técnico ou xurídico que defina a natureza das actuacións que se queren desenvolver e o réxime xurídico de aplicación, xa que non se pode concluír se é unha modificación da obra de pavimentación do camiño municipal do Rosal as Abilleiras ou se son obras independentes desta, e emite reparo á proposta de contratación da obra,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da intervención municipal por entender que hai independencia construtiva da obra e por ser unha actuación non prevista no proxecto.

Segundo: Aprobar a realización desta obra e autorizar e comprometer o gasto por importe de 34.254,30 euros en concepto de construción de muro de contención no camiño Abilleiras, imputandoo á partida 5110 60114 RC 599.

## **6.- PROPOSTA DE GASTO PARA A CONSTRUCIÓN DE MURO PARA A CONTENCIÓN DE TERRAS NA RÚA DANIEL CASTELAO.**

Dada a necesidade de construír un muro de contención de terras na rúa Daniel Castelao de terreos cedidos voluntariamente ao Concello,

Visto o orzamento nº 10/09 de Excongall, Excavaciones y Conducciones Galicia, S.L., que valora en 20.812,72 € -ive incluído- o importe para a construción deste muro de contención en mampostería rosa porriño e a excavación de terreo,

Visto o informe do interventor de 13 de abril de 2009 no que, entre outros aspectos, indica que debe incorporarse ao expediente informe técnico ou xurídico que defina a natureza das actuacións que se queren desenvolver e o réxime xurídico de aplicación, xa que non se pode concluír se é unha modificación da obra de humanización da rúa Daniel Castelao ou se son obras independentes desta, e emite reparo á proposta de contratación da obra,

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Levantar o reparo da intervención municipal por entender que hai independencia construtiva da obra e porque é unha actuación non prevista no proxecto.

Segundo: Aprobar a realización desta obra e autorizar e comprometer o gasto por importe de 20.812,72 euros en concepto de construción de muro de contención na rúa Daniel Castelao, imputandoo á partida 5110 60113 RC 598.

## **7.- EXAME OFERTAS DA OBRA “INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO ENTRE O PORTAL DO ALMACÉN E BROULLÓN (MOAÑA)”**

A Xunta de Goberno, en data 25 de marzo de 2009, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A.
- RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra “Instalación de alumeadado público entre o Portal do Almacén e Broullón (Moaña)”.

As empresas EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L. e CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES. S.A. non presentan oferta.

A empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL presenta oferta, pero unha vez aberto o sobre nº 1 de documentación administrativa compróbase pola Xunta de Goberno, que a acreditación da solvencia técnica non vai acompañado de certificados de boa execución das obras executadas para a Administración.

A Xunta de Goberno, de conformidade ca cláusula 13.1 dos pregos, e, á vista da documentación presentada pola empresa RELE CALEFACCION. INSTALACION Y MANTENIMIENTO, MAQUINARIA EN GENERAL, acorda requirir da empresa, que complete no prazo de tres días a documentación acreditativa da solvencia, neste caso, certificados de boa execución das obras executadas para a Administración.

## **8.- EXAME DE OFERTAS E ADXUDICACIÓN PROVISORIA DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO ALMACÉN, SAN BARTOLOMEU, A PRAIA, TIRÁN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”**

A Xunta de Goberno, en data 4 de marzo de 2009, acordou remitir invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- HPC IBÉRICA S.A.
- ARANCHABALYA S.L.
- DESARROLLOS Y ELEMENTOS URBANOS S.L.

De conformidade co artigo 13 dos pregos de licitación, esta Xunta de Goberno, coma órgano de contratación, procede a examinar a documentación remitida polos licitadores aos que se cursou invitación a presentar ofertas, documentación relativa á capacidade e a solvencia necesarias para a execución da obra.

A empresa DESARROLLOS Y ELEMENTOS URBANOS S.L. remite escrito sinalando a renuncia a participar no procedemento pola carga de traballo actual.

A Xunta de Goberno declara excluída a seguinte oferta, por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da solvencia necesaria para a execución da obra, declaración de estar ao corrente de obrigas tributarias e Seguridade Social e de non estar incurso en prohibición de contratar, sen entender ademais, que sexan omisión subsanables:

- ARANCHABALYA S.L.

A Xunta de Goberno declara admitida, á vista da documentación presentada, a seguinte oferta:

- HPC IBÉRICA S.A.

A continuación, comeza o acto de apertura de ofertas, co seguinte resultado:

- HPC IBÉRICA S.A.

Prezo: 100.000,00 euros. (86.206,90 + 13.793,10 euros de IVE.)

Melloras: Melloras recollidas na oferta por importe de 4.000 euros.

Adscripción de traballadores á obra: 4 traballadores.

Contratación de novo persoal: 1 traballador Oficial 2<sup>a</sup>. Prazo de contratación de 2 meses.

Prazo de execución: 2 meses.

Prazo de garantía: 24 meses.

Á vista das condicións da única oferta admitida, entendendo que a oferta se axusta aos condicionantes previstos nos pregos, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” á empresa HPC IBÉRICA S.A. por importe de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros), (86.206,90 euros + 13.793,10 euros de IVE), un prazo de execución de 2 meses, un prazo de garantía de 24 meses, adscripción de traballadores á obra: 4 traballadores, contratación de novo persoal: 1 traballador Oficial 2<sup>a</sup>. Prazo de contratación de 2 meses.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto por importe de 100.000,00 euros con cargo á partida 4320.60117 do orzamento municipal do ano 2009.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional o presente acordo de adxudicación e se lle requira para que dentro dos cinco días seguintes da data na que reciba esta notificación, presente o documento que acredite ter constituído a garantía definitiva por importe de 4.310,35 euros e se lle cite para que nos 5 días seguintes á notificación da adxudicación aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, certificado da Xunta de Galicia acreditativa de que se atopa ao corrente ca citada Administración. Asemesmo deberá aportar a documentación prevista na cláusula 16.4 dos pregos, copia de contratos laborais dos traballadores adscritos á obra.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil do contratante.

### **9.- PROGRAMA DE TELEASISTENCIA MUNICIPAL.**

Visto o informe do 13 de abril de 2009 da traballadora social do Concello sobre baixas no mes de abril no programa de teleasistencia municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda dar a baixa no Programa de Teleasistencia Municipal a:

- D. Manuel Solla Barcia, con efectos dende o 15 de marzo de 2009.
- D.<sup>a</sup> Nieves Rivas Carrera, con efectos a partir do 1 de maio de 2009.

### **10.- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR**

Visto o informe do 13 de abril de 2009 da traballadora social do Concello sobre variacións no servizo de axuda no fogar, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

Primeiro: Dar de baixa no SAF a:

- D. Edelmiro Oya Molanes, con efectos dende o día 1 de febreiro de 2009.
- D.<sup>a</sup> Nieves Rivas Carrera, con efectos a partir do 1 de maio de 2009.

Segundo: Notificarlle o acordo ao departamento de Recadación.

### **11.- DESCONTO NAS TARIFAS DA LUDOTECA MUNICIPAL**

Visto o informe do 8 de abril de 2009 emitido pola traballadora social en relación á solicitude feita por D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Gloria Gayo Ríos para a redución de tarifas do servizo de ludoteca e a documentación que a acompañaba,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda asignar a D.<sup>a</sup> Gloria Gayo Ríos a tarifa recollida no artigo 4º epígrafe 3º apartado b) – redución do 50% da tarifa normal- polo servizo da ludoteca municipal do seu fillo menor Arón Martínez Gayo.

### **12.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA O BEQUE**

Na Xunta de Goberno do 9 de marzo de 2009 acordouse aprobar a convocatoria e bases de selección para a contratación de dous oficiais para os traballos de mantemento, vixilancia e control do complexo hostaleiro deportivo do Beque.

Vista a proposta do tribunal calificador das probas do 13 de abril de 2009, no que indica que unha vez rematado o proceso selectivo só o superou o aspirante D. JOSÉ CARLOS MAYA GIL e propón a súa contratación,



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a contratación de D. JOSÉ CARLOS MAYA GIL a partir do 16 de abril de 2009, na modalidade de eventual por obra ou servizo determinado, cunha duración de 8 meses e o salario establecido nas bases:

Soldo base.....	845,31 euros
Pp extraordinaria.....	180,30 euros
Complem extrasalarial	
Coa nocturnidade.....	93,39 euros
Dedicación.....	100,82 euros
p. puntualidade.....	33,96 euros
Cese.....	28,05 euros
Masa salarial.....	8,29 euro
 TOTAL.....	 1.290,12 euros

### 13.- VADOS: SOLICITUDE DE D<sup>a</sup>. GUDELIA COSTA PASTORIZA

D<sup>a</sup>. GUDELIA COSTA PASTORIZA presenta instancia na que solicita un vado permanente na rúa Pandiña, 114 A, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 71,25 euros (56,25 € vado e 15 € do sinal)

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do Concello de Moaña do 10 de marzo de 2009, onde di que non hai inconveniente en acceder ao solicitado, nun ancho de 3,00 m.

Visto o informe do inspector de obras do día 11 de marzo de 2009 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado por D<sup>a</sup>. GUDELIA COSTA PASTORIZA, cunha entrada de 3 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 71,25 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

### 14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as que se relacionan a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
JUAN CARLOS FERNÁNDEZ SAAVEDRA	Auga, usos domésticos.	Méndez Núñez, 2 – 3º	Conexión auga ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Arquitecto técnico municipal
ALBERTO FERNÁNDEZ SAAVEDRA	Auga, usos domésticos.	Méndez Núñez, 2 – 1º	Conexión auga ..... 60 € Fianza ..... 20 €	Aqualia Arquitecto técnico municipal

MANUEL LORENZO MISA	Saneamento domésticos.	usos	Verdeal, 27 - Domaio	Conexión sumidoiros .....180 €	Aqualia Arquitecto técnico municipal
LEONOR GULIN HERMIDA	Saneamento domésticos.	usos	Verdeal, 86 B- Domaio	Conexión sumidoiros .....180 €	Aqualia Arquitecto técnico municipal

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:00 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.